

Maruxiña

Un espectáculo con música en directo



*Con
Alma e Laura Sarasola*



Aurora
artes escénicas

Sinopse

Maruxiña inspírase no conto clásico de “Polgariña” de Andersen, para relatar unha nova aventura . Un espectáculo en clave cómica, interdisciplinar con música en directo, no que a protagonista investiga o mundo que a rodea, dende que nace nunha hortensia da maceta da señora Lola. Un día Maruxiña descobre que hai un mundo moito máis grande , que hai amigos e non tan amigos... que lle gustaría voar... Pero o realmente importante é decidir libremente o que unha quere ser.



Alma Sarasola

Alma Sarasola Pontón é trompista e profesora de trompa, de música de cámara e de música e movemento no Conservatorio de Música de Carballo dende 2018 e membro fundadora de dous grupos (CatroCores e InVento). Comezou os estudos de trompa no Conservatorio Superior de Música de A Coruña e finalizounos na Escola Superior de Música de Catalunya no 2013.



Gran parte da súa formación musical débese á Xove Orquesta da Sinfónica de Galicia, á Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela e á JONDE. Debido o seus diferentes intereses no ámbito artístico, traballou en diferentes escolas, conservatorios e proxectos sociais; formou parte de proxectos teatrais como Romano de Lino Braxe, Na casa e A nena que vivía nunha caixa de mistos, de Caramuxo Teatro, e participou con grupos musicales como Las Antonias, La Dance, Roger de Flor ...



Laura Sarasola é actriz , diplomada como mestra de educación primaria e co-directora de Caramuxo Teatro. Desde os inicios do seu traballo profesional como actriz no ano 2002 compaxinou a actividade interpretativa coa de mestra de interpretación a nenos e adultos . Actualmente e docente na Escola de Interpretación de Narón. Estivo becada pola Deputación da Coruña para formarse da man de Juan Pastor no centro de interpretación “Guindalera Escena Abierta” de Madrid, despois de estudar durante 5 anos con de Lino Braxe e Flor Maceiras .



Tamén ten formación en voz , danza e títeres.
Como actividade profesional ten traballado en teatro para adultos e para nenos, centrándose nos últimos anos na creación específica de espectáculos para público familiar Caramuxo Teatro. No ano 2023 crea Aurora Artes Escénicas, no que “Maruxiña” é o primeiro espectáculo.





Ficha artística

Dramaturxia: Laura Sarasola Pontón

Dirección: Aurora Artes Escénicas

Vestiario: Anahí Taraburelli

Música: Alma Sarasola Pontón

Diseño de Luz: Suso Jalda

Luz e Son: Suso Jalda

Contratación:

Aurora Artes Escénicas

Laura Sarasola:

610848781

